

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP01	Estética integral e benestar	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0749	Micropigmentación	2017/2018	0	105	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA MERCEDES SÁENZ VEIGA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Elabora a documentación previa á micropigmentación aplicando a normativa.
RA2 - Organiza as instalacións, a moblaxe, os equipamentos e os medios necesarios, aplicando medidas de seguridade e prevención de riscos hixiénico-sanitarios.
RA3 - Deseña maquillaxes correctivas utilizando as técnicas de visaxismo e colorimetría.
RA4 - Prepara a persoa usuaria seguindo a normativa, e infórmaa sobre o proceso.
RA5 - Realiza a micropigmentación adaptando o procedemento de traballo ao estudo estético previo.
RA6 - Determina a calidade do servizo valorando os resultados da aplicación do proceso.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Recoñeceuse a normativa que regula o exercicio da técnica de micropigmentación.
CA1.2 Identificáronse as partes do consentimento informado.
CA1.3 Especificouse a información comercial da clientela.
CA1.4 Seguíronse as pautas para deseñar a ficha técnica.
CA1.5 Planificouse un sistema de arquivo de empresas e organismos autorizados para as revisións técnicas, a eliminación de residuos, etc.
CA1.6 Analizáronse as acreditacións necesarias para o exercicio das actividades de micropigmentación.
CA2.2 Determinouse o proceso de hixiene do equipamento e dos utensilios antes do proceso e despois deste.
CA2.4 Sinaláronse as doenzas de transmisión por vía hemática.
CA2.5 Valorouse a utilización de material dun só uso como medida de seguridade e hixiene.
CA2.6 Diferenciáronse as zonas de almacenamento e xestión de residuos.
CA3.1 Identificouse a morfoloxía do rostro e doutras zonas corporais.
CA3.2 Xustificouse o deseño das correccións da persoa usuaria segundo as características do rostro e a súa expresión.
CA3.4 Identificáronse as alteracións cutáneas relacionadas coa micropigmentación.
CA3.5 Relacionáronse as técnicas de debuxo (tipo de liña, cor, etc.) co efecto final.
CA3.6 Realizáronse deseños para efectuar as correccións necesarias a través da micropigmentación
CA3.7 Especificáronse os criterios de selección de utensilios e cosméticos.
CA3.8 Xustificouse a corrección na pel segundo a análise previa.



Criterios de avaliación do currículo

CA4.1 Establecéronse as pautas de información oral e escrita á persoa usuaria.

CA4.2 Especificáronse os datos necesarios para unha información pormenorizada.

CA4.6 Establecéronse os criterios de preparación da cabina para a aplicación da técnica.

CA4.7 Recoñeceuse a secuencia na realización de técnicas previas á micropigmentación.

CA4.8 Xustificouse a elección do dermógrafo e do tipo de agullas.

CA4.9 Determináronse os parámetros do dermógrafo.

CA4.10 Especificáronse as medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria segundo a normativa.

CA4.11 Selecionouse a cor segundo as características da zona de aplicación.

CA5.1 Determináronse as indicacións e as precaucións na realización técnica.

CA5.2 Establecéronse os criterios de selección de pigmentos e colorantes segundo a pel, o cabelo e os ollos.

CA5.3 Relacionouse a colorimetría cutánea coas cores pigmento.

CA5.4 Identificáronse as reaccións do pigmento fronte á acción de axentes externos.

CA5.5 Selecionáronse os cosméticos para os coidados anteriores e posteriores á micropigmentación, respectando as normas de seguridade e hixiene.

CA5.6 Xustificouse a elección e a mestura de pigmentos.

CA5.7 Relacionouse o tipo de agulla coa técnica de aplicación.

CA5.8 Relacionouse a aplicación dos tipos de trazado e dos parámetros co deseño proposto.

CA5.9 Xustificouse o protocolo de micropigmentación de cada zona facial e corporal.

CA5.10 Especificáronse as fases de realización da micropigmentación.

CA5.12 Informouse a persoa usuaria sobre os coidados posteriores á aplicación do tratamento de micropigmentación.

CA5.13 Asesorouse a persoa usuaria sobre o seguimento posterior ao proceso de micropigmentación.

CA6.1 Identificáronse os indicadores de calidade nos procesos de micropigmentación.

CA6.2 Verificouse o grao de cumprimento dos protocolos establecidos.

CA6.3 Avaliouse o grao de satisfacción da persoa usuaria respecto ao tratamento.

CA6.4 Prevíronse medidas correctoras para rectificar posibles desviacións do obxectivo.

CA6.6 Tomáronse medidas para comprobar a calidade do servizo.

CA6.7 Resolvéronse os problemas formulados no desenvolvemento da actividade.



2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Organiza as instalacións, a moblaxe, os equipamentos e os medios necesarios, aplicando medidas de seguridade e prevención de riscos hixiénico-sanitarios.
RA3 - Deseña maquillaxes correctivas utilizando as técnicas de visaxismo e colorimetría.
RA4 - Prepara a persoa usuaria seguindo a normativa, e infórmaa sobre o proceso.
RA5 - Realiza a micropigmentación adaptando o procedemento de traballo ao estudo estético previo.
RA6 - Determina a calidade do servizo valorando os resultados da aplicación do proceso.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Dispuxéronse os equipamentos segundo os requisitos específicos dunha cabina de micropigmentación.
CA2.2 Determinouse o proceso de hixiene do equipamento e dos utensilios antes do proceso e despois deste.
CA2.3 Aplicouse o método de desinfección segundo o grao de contaminación dos elementos.
CA2.6 Diferenciáronse as zonas de almacenamento e xestión de residuos.
CA3.3 Aplicáronse as bases da teoría da cor nas maquillaxes correctivas.
CA3.4 Identificáronse as alteracións cutáneas relacionadas coa micropigmentación.
CA3.5 Relacionáronse as técnicas de debuxo (tipo de liña, cor, etc.) co efecto final.
CA3.8 Xustificouse a corrección na pel segundo a análise previa.
CA4.3 Realizouse a proba de sensibilidade.
CA4.4 Efectuáronse probas de cor e de visaxismo tendo en conta as características morfolóxicas e persoais da persoa usuaria.
CA4.5 Realizouse a proposta de tratamento.
CA4.6 Establecéronse os criterios de preparación da cabina para a aplicación da técnica.
CA5.2 Establecéronse os criterios de selección de pigmentos e colorantes segundo a pel, o cabelo e os ollos.
CA5.3 Relacionouse a colorimetría cutánea coas cores pigmento.
CA5.11 Efectuouse a técnica de micropigmentación.
CA5.12 Informouse a persoa usuaria sobre os coidados posteriores á aplicación do tratamento de micropigmentación.
CA5.13 Asesorouse a persoa usuaria sobre o seguimento posterior ao proceso de micropigmentación.
CA6.2 Verificouse o grao de cumprimento dos protocolos establecidos.



Criterios de avaliación do currículo

CA6.3 Avaliouse o grao de satisfacción da persoa usuaria respecto ao tratamento.

CA6.4 Prevíronse medidas correctoras para rectificar posibles desviacións do obxectivo.

CA6.5 Utilizouse a linguaxe técnica adecuada ao nivel e á profesión.

CA6.6 Tomáronse medidas para comprobar a calidade do servizo.

CA6.7 Resolvéronse os problemas formulados no desenvolvemento da actividade.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

_ Nocións básicas da lexislación na micropigmentación.

_ Preparación da área de traballo, dos útiles, materiais e produtos, en condicións de seguridade e hixiene. Definición da correcta imaxe do profesional, normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros de traballo e superiores.

_ Protocolos de procesos da micropigmentación, en condicións de seguridade e hixiene, estudo da morfoloxía do rostro e realización de fichas técnicas. Propostas técnicas en relación as demandas da clientela e as tendencias de moda.

Identificación das alteracións cutáneas relacionadas ca micropigmentación.

_ Control de calidade dos procesos de micropigmentación, asesoramento posterior a clientela.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A proba teórica será avaliada de 0 a 10 e suporá o 20% da nota total do módulo, tendo que acadar o alumno un 5 como mínimo para poder pasar á proba práctica

A proba práctica será avaliada de 0 a 10 e suporá o 80% da nota total do módulo.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Instrución xerais:

- Rógase máxima puntualidade e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.
- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado. ¿ Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.
- Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.
- Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.
- Uso de bolígrafo azul ou negro. Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas.
- As preguntas que aparecen catalogadas como "preguntas de reserva" serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións de preguntas. Non teñen efectos de cualificación en primeira instancia, pero en caso de anulación de preguntas servirán para o cómputo da nota.
- Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.
- Se necesita un certificado de asistencia, solicíteo á comisión.
- Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios eberán ser entregados completos ao profesorado.
- Material para a proba: bolígrafo azul ou negro.



Tipo de proba: resolución dun cuestionario elaborado con preguntas teóricas elaboradas a partir dos contidos mínimos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe indicados no currículo.

Características da proba:

- Preguntas

- As preguntas sen contestar non serán contabilizadas.

- Ao ter que ser cifras enteiras (sen decimais) e comprendidas do 1 ao 10, tendo en conta que a obtención de un 5, será aprobado e haberá que redondear o resultado obtido á unidade máis próxima.

- A nota será de 30% .

Duración da proba teórica: 2 horas.

4.b) Segunda parte da proba

Un exame práctico que contara con un 70% da nota.

Realizarase unha proba práctica onde o alumno realizará técnicas en micropigmentación en cellas, beizos, ollos, coiro cabeludo e areolas mamarias (estética reparadora)

O alumno terá que dispor de modelos e material (aparatoxía e produtos) para realizar dita proba.

Tempo de realización 3 horas.